



OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

EMPRESAS Y SOCIEDADES

FUNDACIÓN EMALCSA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto do acordo do Padroado da Fundación Emalcsa de 06 de febreiro de 2024, autorizado pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña o 29 de maio de 2024, de aprobación das Bases da "IX Convocatoria de Axudas do Programa Cultura Accesible e inclusiva 2024-2025"

BDNS (Identif.): 764847

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/764847>)

Primeiro. Beneficiarios

Entidades privadas e sen fins de lucro, que estean definidas como entidades culturais nos seus estatutos, que teñan a sede social no termo municipal da Coruña e estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

Segundo. Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é apoiar economicamente ás entidades culturais na execución de proxectos de Cultura Accesible e Inclusiva na cidade da Coruña atendendo ás diversidades existentes.

Para iso, os proxectos que concorran deberán atender a algún dos seguintes fins:

- Fomentar que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.
- Elaborar material ou desenvolver programación e actividades culturais en formatos accesibles e inclusivos.
- Promover o acceso das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión á oferta cultural mediante o establecemento de mecanismos de participación, incluídos os tecnolóxicos, ou a facilitación dos recursos de apoio necesarios.
- Eliminar barreiras de acceso a lugares físicos ou virtuais onde se desenvolvan representacións ou servizos culturais talles como teatros, museos, cinemas, bibliotecas, páxinas web ou outros.

Ademais, os proxectos que se presente a esta convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar deseñados de forma específica para a presente convocatoria, podendo ser parte da programación e/ou actividades habituais.
- Contar cunha planificación e metodoloxía adecuada para garantir os obxectivos de integración e transformación social a través da arte e a cultura, aos que pretende contribuír esta convocatoria.
- Realizarse en colaboración con polo menos unha entidade pertencente ao terceiro sector, especializada na atención a colectivos en risco de exclusión.
- Desenvolverse no termo municipal da Coruña, sen prexuízo de que se realice algunha actividade fóra do municipio atendendo á súa natureza ou ás condicións específicas do colectivo destinatario.
- Executarse entre a data de notificación da resolución definitiva e o 31 de agosto de 2025. No caso de que a entidade solicitante sexa beneficiaria da convocatoria anterior, a data de inicio do proxecto presentado deberá ser posterior á finalización e xustificación do anterior.

Aquelas solicitudes que non respondan a estes requisitos non serán obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación

Terceiro.- Bases Reguladoras

Bases da IX Convocatoria de Axudas do Programa de Cultura Accesible e Inclusiva 2024-2025, en réxime de concorrencia competitiva, dirixida a apoiar a entidades culturais na execución de proxectos de cultura accesible e inclusiva na cidade da Coruña autorizadas pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña en sesión celebrada o 29 de maio de 2024

Cuarto. Contía.

O importe total destinado ás axudas é de CEN MIL EUROS (100.000 €).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para solicitar as subvencións comezará ao día seguinte da publicación do presente extracto das bases da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña e finalizará o 21 de xuño do ano 2024

Lugar de presentación das solicitudes: A presentación da documentación debe realizarse mediante os modelos oficiais dispoñibles na web da Fundación Emalcsa no apartado correspondente á IX Convocatoria: <https://fundacionemalcsa.org/ix-convocatoria-cultura-accesible-e-inclusiva-2024-2025/> e deberá realizarse en formato dixital a través da seguinte ligazón: <https://convocatorias.fundacionemalcsa.es> dentro do prazo indicado anteriormente.

Sexto. Outros datos.**Gastos elixibles**

Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubidable resulten necesarios para atender á natureza do proxecto detallados na base 4 das Bases reguladoras da convocatoria e que se realicen desde a data de notificación da resolución definitiva ou 11 de setembro de 2024 para as entidades que recibiron axuda na convocatoria anterior, ata a data límites de execución dos proxectos (31 de agosto de 2025)

Xustificación das axudas

Con data límites 16 de setembro de 2025 a entidade deberá realizar a xustificación a través da plataforma online habilitada para a presentación da documentación, a través da ligazón que se facilitará desde a Secretaría Técnica do programa.

Información e consultas

Habilitase un teléfono e correo electrónico específicos de información e consultas coa Secretaría Técnica tanto para o período de presentación de solicitudes como nas súas posteriores etapas de execución e xustificación dos proxectos

Teléfono: 627 251 278 - de luns a venres en horario de 9 a 14h

Correo electrónico: culturaaccesiblesecretaria@gmail.com

A Coruña

30/5/2024

Manuel Aguilar López

Director Gerente-Fundación EMALCSA

Extracto do acordo do Padroado da Fundación Emalcsa de 06 de febreiro de 2024, autorizado pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña o 29 de maio de 2024, de aprobación das Bases da "IX Convocatoria de Axudas do Programa Cultura Accesible e inclusiva 2024-2025"

BDNS (Identif.): 764847

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/764847>)

Primeiro. Beneficiarios

Entidades privadas e sen fins de lucro, que estean definidas como entidades culturais nos seus estatutos, que teñan a sede social no termo municipal da Coruña e estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

Segundo. Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é apoiar economicamente ás entidades culturais na execución de proxectos de Cultura Accesible e Inclusiva na cidade da Coruña atendendo ás diversidades existentes.

Para iso, os proxectos que concorran deberán atender a algún dos seguintes fins:

Fomentar que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.

Elaborar material ou desenvolver programación e actividades culturais en formatos accesibles e inclusivos.

Promover o acceso das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión á oferta cultural mediante o establecemento de mecanismos de participación, incluídos os tecnolóxicos, ou a facilitación dos recursos de apoio necesarios.

Eliminar barreiras de acceso a lugares físicos ou virtuais onde se desenvolvan representacións ou servizos culturais talles como teatros, museos, cinemas, bibliotecas, páxinas web ou outros.

Ademais, os proxectos que se presente a esta convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos:

Estar deseñados de forma específica para a presente convocatoria, podendo ser parte da programación e/ou actividades habituais.

Contar cunha planificación e metodoloxía adecuada para garantir os obxectivos de integración e transformación social a través da arte e a cultura, aos que pretende contribuír esta convocatoria.

Realizarse en colaboración con polo menos unha entidade pertencente ao terceiro sector, especializada na atención a colectivos en risco de exclusión.

Desenvolverse no termo municipal da Coruña, sen prexuízo de que se realice algunha actividade fóra do municipio atendendo á súa natureza ou ás condicións específicas do colectivo destinatario.

Executarse entre a data de notificación da resolución definitiva e o 31 de agosto de 2025. No caso de que a entidade solicitante sexa beneficiaria da convocatoria anterior, a data de inicio do proxecto presentado deberá ser posterior á finalización e xustificación do anterior.

Aquelas solicitudes que non respondan a estes requisitos non serán obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación

Terceiro.- Bases Reguladoras

Bases da IX Convocatoria de Axudas do Programa de Cultura Accesible e Inclusiva 2024-2025, en réxime de concorrencia competitiva, dirixida a apoiar a entidades culturais na execución de proxectos de cultura accesible e inclusiva na cidade da Coruña autorizadas pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña en sesión celebrada o 29 de maio de 2024

Cuarto. Contía.

O importe total destinado ás axudas é de CEN MIL EUROS (100.000 €).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para solicitar as subvencións comezará ao día seguinte da publicación do presente extracto das bases da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña e finalizará o 21 de xuño do ano 2024

Lugar de presentación das solicitudes: A presentación da documentación debe realizarse mediante os modelos oficiais dispoñibles na web da Fundación Emalcsa no apartado correspondente á IX Convocatoria: <https://fundacionemalcsa.org/ix-convocatoria-cultura-accesible-e-inclusiva-2024-2025/> e deberá realizarse en formato dixital a través da seguinte ligazón: <https://convocatorias.fundacionemalcsa.es> dentro do prazo indicado anteriormente.

Sexto. Outros datos.

Gastos elixibles

Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubidable resulten necesarios para atender á natureza do proxecto detallados na base 4 das Bases reguladoras da convocatoria e que se realicen desde a data de notificación da resolución definitiva ou 11 de setembro de 2024 para as entidades que recibiron axuda na convocatoria anterior, ata a data límites de execución dos proxectos (31 de agosto de 2025)

Xustificación das axudas

Con data límites 16 de setembro de 2025 a entidade deberá realizar a xustificación a través da plataforma online habilitada para a presentación da documentación, a través da ligazón que se facilitará desde a Secretaría Técnica do programa.

Información e consultas

Habíltase un teléfono e correo electrónico específicos de información e consultas coa Secretaría Técnica tanto para o período de presentación de solicitudes como nas súas posteriores etapas de execución e xustificación dos proxectos

Teléfono: 627 251 278 - de luns a venres en horario de 9 a 14h

Correo electrónico: culturaaccesiblesecretaria@gmail.com

A Coruña

30/5/2024

Manuel Aguilar López

Director Xerente-Fundación EMALCSA

2024/3807